



Federación Galega  
de Caza

FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA  
REXISTRO XERAL

ENTRADA N° \_\_\_\_\_

SAÍDA N° 490

DATA: 06/10/2008

Presidente

Santiago, 6 de outubro de 2008

DNA ADELA FIGUEROA PANISSE  
PRESIDENTA DE ADEGA  
Travesa Basquiños, 9 Baixo  
15704 SANTIAGO

Estimada Presidenta:

A través da presente queremos manifestárlle-la nosa sorpresa e indignación, ante a declaracións vertidas por D. Martiño Fiz, a algún medio de comunicación, no nome dese grupo ecoloxista. Manifestacións sobre as que lle trasladamos, a continuación, a nosa reflexión.

No xornal *El Correo Gallego* do luns día 6 de outubro, o Sr. Fiz manifesta *“todo el mundo sabe que es práctica habitual beber alcohol y después ponerse a cazar”*. É absolutamente falso que o colectivo de cazadores saia a cazar baixo os efectos do alcohol, aparte da prohibición recollida na actual Lei de Caza o colectivo dos cazadores é suficientemente responsable, aínda que a vostedes non lles pareza, para non cometer esa imprudencia. A realidade é que non existe absolutamente ningún dato nin estadística que avale esas afirmacións, pero o que se desprende das súas declaracións é a intención de facer ver á opinión pública que os cazadores saen *borrachos* ao monte. Algo rotundamente falso, baseado na mentira e que atenta contra a honra de todo o colectivo, demostrando una vez máis unha absoluta falla de respecto polos demais, o que nos leva a pedirle unha rectificación pública desas desafortunadas manifestacións

Nas mesmas declaracións, acúsase ao colectivo de disparar sobre especies protexidas, porque se pode cazar a arcea, cando esta recollida nas normas legais como especie cinexética, acusación por tanto totalmente falsa e que só trata de confundir á sociedade e terxiversar interesadamente a realidade cunha clara intención de manipular á opinión pública.

No mesmo medio de comunicación lemos *“en este país los cazadores son gente que no sigue la ley y caza al lado de las pistas, al lado de los rios .... de forma que en los meses de otoño no se puede andar por el monte”*. O artigo 8 da vixente Lei de caza define claramente os terreos cinexéticos, así como as zoas de seguridade, estas últimas reguladas e definidas nos artigos 25 e 25bis da Lei de caza e nos artigos 13, 14, e 15 do Regulamento que a desenvolve. Estas son as obrigas que deben respectar os cazadores, calquera outra cuestión ou interpretación é un acto de voluntarismo ou un desexo non amparado pola lei. Á vista das declaracións do Sr. Fiz, entendemos que se nos está a tachar case que de delinquentes e perigosos polo simple feito de practicar unha actividade ancestral. O perigo non



sempre está en portar armas, senón na cabeza das persoas, ben sexa con armas de fogo ou calquera outra, mesmo sen elas a veces.

Para poder entender a práctica de calquera actividade rural, non debemos esquecermos que Galicia é “o país dos 1000 ríos”, das 30.000 aldeas, e dos milleiros de carreiros e corredoiras, por iso para os cazadores vivir e desenvolve-la nosa actividade nesta terra, coas súas particularidades, é un verdadeiro orgullo, nela compartimos desde sempre estes espazos cos labregos e cos gandeiros, en definitiva coa xente que defende e fai posible un medio rural vivo. Compartir espazo nas diversas actividades é sinónimo de respecto ao dereito dos demais, en definitiva, facer compatibles os intereses de todos.

Os cazadores non queremos impoñer as nosas posicións pero tampouco permitiremos que se nos expolien dereitos en virtude de non se sabe qué *neo-privilexios* por parte doutras persoas ou colectivos. O monte sempre acolleu as actividades agrarias, gandeiras e forestais, os seus veciños paseábanse por él, mesmo no outono, pero nel tamén se cazaba sen asoballamentos nin conflitos.

¿Non será que agora quere-se pisotear unha vez máis os dereitos das persoas do rural ou daquelas estreitamente vinculadas, desde posicións case que sempre alonxadas da propia realidade, tratando de crear ou fomentar un conflito artificial a través da opinión xerada lonxe do campo, mesmo a veces desde os propios urbanitas, e que na realidade non existe?

Non facemos nin faremos da descalificación o noso obxectivo, nin da discrepancia a nosa razón de ser. Será motivo de satisfacción a coincidencia cando sexa posible cos grupos ecoloxistas, e, responsablemente, tamén discreparemos cando entendamos que non é posible o achegamento. A pesar de episodios coma este aínda estou seguro de que hai moitas máis cousas que nos deben de unir que separar, salvo que alguén queira facer do conflito a razón da súa existencia.

Atentamente,

Asdo.: José Mª Gómez Cortón  
PRESIDENTE